XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
XUVENTUDE CREA	**BS310Q**	**SOLICITUDE**

ESPECIALIDADE EN QUE PARTICIPA

☐ Teatro ☐ Artes plásticas ☐ Música ☐ Relato breve ☐ Poesía ☐ Moda

☐ Videocreación ☐ Banda deseñada ☐ Graffiti ☐ Fotografía ☐ Deseño de xoias ☐ Cociña

MODALIDADE (sinalar cunha cruz só no caso de solicitar a especialidade de artes plásticas)

☐ Pintura ☐ Escultura

PSEUDÓNIMO QUE PRESENTA

TÍTULO DA OBRA OU COLECCIÓN COA QUE PARTICIPA

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Anexo II DOCUMENTO DE INSCRICIÓN en sobre pechado.

TEATRO

☐ Listaxe das persoas compoñentes do grupo, indicando a idade e a función.

☐ Unha síntese da obra: título, autor/a e adaptación dos diálogos, de ser o caso e da posta en escena: número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa...

☐ DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

ARTES PLÁSTICAS

☐ Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada destas. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando a xuízo da comisión sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

☐ Declaración responsable de que a obra presentada, non forma parte doutra exposición e está en propiedade do autor ou autora.

☐ Ficha técnica da obra en que se indicará o título, o ano de realización, a técnica empregada, as dimensións reais, así como o seu peso (isto último só no caso da escultura). No caso de escultura o peso máximo da obra non poderá superar os 50 kg.

FOTOGRAFÍA

☐ Unha ou varias fotografías, ata un máximo de 10, en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes, só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando a xuízo da comisión sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

☐ Declaración responsable de que a obra presentada non forma parte doutra exposición e está en propiedade do autor ou autora.

☐ Ficha técnica da obra en que se indicará o título, o ano de realización, a técnica empregada, as dimensións reais.

ANEXO I
(continuación)

MÚSICA

- [ ] Maqueta en CD debidamente identificada, co pseudónimo e título, e gravada polas persoas compoñentes inscritas, con dous temas, que serán os que avaliará a comisión de selección, e unha duración máxima de dez minutos. Valorarase positivamente a utilización do galego e, en calquera caso, un dos temas deberá ser en galego, agás que se trate de pezas instrumentais.
- [ ] Ficha técnica na que se detalle o título, duración e autoría dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.
- [ ] Fotografía recente do grupo ou solista.
- [ ] Relación nominal mecanografada das persoas compoñentes do grupo, con indicación da idade e do instrumento que tocan.
- [ ] Letras, se as houber, dos temas incluídos na maqueta, debidamente mecanografadas.
- [ ] Autorización escrita para gravar ou emitir a súa actuación na fase final do certame, no suposto de resultar seleccionado/a.
- [ ] Declaración responsable acreditativa de que a persoa participante dispón dun repertorio dun mínimo de 30 minutos.

Toda esta documentación deberá presentarse en soporte papel e tamén en CD.

RELATO BREVE

- [ ] As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN A-4, e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

POESÍA

- [ ] As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN A-4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

VIDEOCREACIÓN

- [ ] Unha ficha técnica da obra en que se inclúa o título, un breve argumento, a data e o lugar de realización, unha fotografía da videocreación e datos técnicos e artísticos de interese.

As obras poderán ser producidas en calquera formato de vídeo, pero deberán presentalo en DVD, onde figurará o título e o pseudónimo do autor ou autora.

VANDA DESEÑADA

- [ ] As obras serán orixinais e inéditas.

O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. No caso de que a obra fose feita en formato dixital, a parte dunha versión impresa deberá achegarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais.

Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

GRAFFITI

- [ ] Proxecto orixinal da obra que se vai realizar en formato DIN-A3 (realizado a man e presentado a cor).
- [ ] Fotografías dos graffitis realizados más recientemente pola persoa solicitante (ou enderezo da internet onde se poidan ver os traballos).

DESEÑO DE XOIAS

- [ ] Unha fotografía de cada unha das 3 xoias que poderán ser tanto para home como para muller.

As fotografías das xoias deberán presentarse sobre unha folla de álbum de fotos, tamaño DIN A-4 e mostrarse na escala máis próxima á real 1:1. Deben estar sen asinar e sen ningunha identificación do autor ou da autora.

- [ ] Na parte posterior da folla do álbum de fotos, incluirase unha ficha técnica da colección, onde se explicarán os materiais utilizados e todos os datos que sexan de interese na colección.

Sen prexuízo do anterior as obras deberán presentarse tamén en CD.

MODA

- [ ] Unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.
- [ ] Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

COCIÑA

- [ ] A receita, que deberá estar escrita en lingua galega, terá que incluír: título do prato, relación de ingredientes -avalados, prioritariamente, por algunha das denominacións de orixe de Galicia- e o proceso de elaboración.
- [ ] Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de xullo de 2017 pola que se convoca o programa Xuventude Crea.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
XUVENTUDE CREA	**BS310Q**	**INSCRICIÓN**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Persoa solicitante ◯ Persoa representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)

◯ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

◯ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao contido destas de forma voluntaria.

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa vinculada á especialidade concreta en que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que non estea dado/a de alta como autónomo/a nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.
3. Que a obra non foi premiada en ningún outro certame ou concurso no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e que é inédita no caso das especialidades de relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada e graffiti.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Anexo III, comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (no caso de grupos).				
☐ Autorización do pai/nai ou titor/a no caso de que o/a participante sexa menor de idade.	☐			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os ditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
☒ DNI/NIE da persoa solicitante.	☐
☒ DNI/NIE da persoa representante.	☐
☒ Certificado de residencia da persoa solicitante.	☐

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de xullo de 2017 pola que se convoca o Programa Xuventude Crea.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO III

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS (no caso de grupos)

(cubrir un anexo por cada persoa integrante do grupo, se é o caso)

DATOS DA PERSOA INTEGRANTE DO GRUPO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os ditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
☒ DNI/NIE da persoa solicitante.	☐
☒ DNI/NIE da persoa representante.	☐
☒ Certificado de residencia da persoa solicitante.	☐

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.gal

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____